

# CREAR E COMPARTIR RECURSOS EDUCATIVOS ABERTOS

Edición Outubro 2016



## GUÍA DO CURSO

## Índice

DESCRIPCIÓN DO CURSO.....	3
PERSOAS TITORAS.....	3
OBXECTIVOS.....	4
CONTIDOS.....	4
METODOLOXÍA.....	5
ESTRUTURA DO CURSO.....	5
SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DO CURSO.....	6
Producións esperadas.....	6
COMUNICACIÓN COAS PERSOAS TITORAS.....	6
TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO.....	7
AVALIACIÓN.....	9
APLICACIÓN PRÁCTICA NAS AULAS.....	11
REQUERIMENTOS PARA SEGUIR O CURSO.....	11

## DESCRIPCIÓN DO CURSO

Un Recurso Educativo Aberto (REA) é un material didáctico subido á rede por docentes que o comparten gratuitamente baixo as condicións da licenza CC.

O obxectivo deste curso é ensinarlles a buscar, crear e compartir REA.

A ferramenta que presentaremos para conseguir este obxectivo denomínase eXe. Con eXe relacionaremos de xeito significativo e funcional recursos tecnolóxicos e reflexión metodolóxica.

Constituído arredor da ferramenta **eXeLearning**, pretende situala no seu lugar: Por un lado pretendemos afastarnos da idea da ferramenta como fin, pero sen chegar ao punto de considerala un medio "transparente". As ferramentas tamén condicionan o uso que facemos de elas e, en consecuencia, a nosa interacción co mundo real (metodoloxía).

Parece inevitable a necesidade de formular algún tipo de obxectivo educativo previo que nos vaia a servir de guía ao longo do desenvolvemento do curso. Esta declaración inicial de principios permitiranos ir tomando decisións tecnolóxicas de calado.

O curso está inspirado na metodoloxía de traballo do [Centro de Desenvolvemento Curricular en Sistemas Non Propietarios \(CEDEC\)](#).

## AUTORES



PABLO NIMO  
LIBOREIRO



ANTONIO MONJE  
FERNÁNDEZ



PABLO GULÍN DÍAZ

## PERSOAS TITORAS

[Pablo Nimo Liboreiro](#)

[Yolanda Cobas Fernández](#)

Procuraremos guiarvos e axudavros a resolver calquera problema e aclarar as dúbidas que se vos poidan presentar. Poñeremos todo o interese da nosa parte para conseguir que o curso resulte para todos/as ameno, agradable e sobre todo de utilidade.

Empregaremos a plataforma de teleformación “PLATEGA2”, que funciona a través da aplicación web MOODLE. No inicio do curso facilitámosvos información para que vos manexedes con soltura na plataforma.

## OBXECTIVOS.

1. Axudar ós estudantes a comprender un conxunto de dilemas sobre os recursos dixitais escolares cos que, no **contexto da sociedade da información e da comunicación**, os profesores han de enfrontarse á hora de **planificar os procesos de ensinanza e de aprendizaxe**.
2. Axudar ós estudantes a comprender e a valorar os factores, mecanismos e condicións que favorecen unha **aprendizaxe comprensiva** dos contidos escolares.
3. Axudar ós estudantes a desenvolver a **autoaprendizaxe** no uso de ferramentas contedoras de contidos escolares, concretamente eXeLearning.
4. Axudar ós estudantes a experimentar a **transformación colaborativa** de Recursos Educativos Abertos coa ferramenta eXe.
5. Axudar ós estudantes a comprender e **valorar** a existencia de novas **estruturas rede ao servizo do traballo colectivo e colaborativo**.

## CONTIDOS

<b>MÓDULO 0</b>
Presentación e contexto
<b>MÓDULO 1</b>
Recursos Educativos Abertos Propiedade Intelectual no eido educativo Tarefas integradas en proxectos
<b>MÓDULO 2</b>
Instalación e manexo da ferramenta eXeLearning
<b>MÓDULO 3</b>
Traballo en rede, concepto de reutilización.
<b>MÓDULO 4</b>
Busca e compartición de REA na rede (repositorios)

# METODOLOXÍA

O curso contén diferentes tipos de tarefas (lectura, creación de textos, discusión, construción e publicación de contidos) para as que será imprescindible a **interacción social dos participantes**, é por isto que os diferentes módulos non aparecerán abertos dende o comezo, senón que seguiremos unha secuenciación común de tarefas.

Partimos da seguinte conceptualización psicopedagóxica tomada do profesor [Juan Carlos Pardo Pérez](#): Toda práctica educativa responde e está fundamentada nunha concepción psicopedagóxica particular, sexa esta implícita ou explícita. O presente curso **enmárcase explicitamente nunha concepción constructivista do desenvolvemento e da aprendizaxe escolar**, concepción a que contribúen dun modo especial a Epistemoloxía Xenética de Jean Piaget, a Teoría da Orixe Sociocultural dos Procesos Psicolóxicos Superiores de Lev S. Vygotsky e a Teoría da Aprendizaxe Verbal Significativa de David P. Ausubel. A pesares das diferencias de matiz que poida haber entre elas, estas tres teorías aportan un conxunto de ideas directrices para a intervención psicopedagóxica:

1. **O suxeito constrúe o seu coñecemento** (aprende) gracias a súa actividade co medio.
2. **Estes coñecementos** constitúen en cada momento a base dispoñible ou o **punto de partida** para construír **novos coñecementos** (para efectuar novas aprendizaxes).
3. Dado que estes coñecementos son construcións culturais (trátase de elaboracións feitas polas persoas), a actividade do individuo está en todo momento mediada por **axentes expertos** (pais, compañeiros, profesores, etc.) que, a través de actividades de ensinanza, **promoven a aprendizaxe**.
4. Se, como se dixo anteriormente, o suxeito aprende a partir da organización de coñecementos dos que xa dispón, favorécese e promóvese a aprendizaxe canto mellor se coñeza aquilo que o alumno xa sabe, porque así será posible conectar os novos contidos cos que xa posúe (fálase neste caso de aprendizaxe significativa).

## ESTRUTURA DO CURSO

Este curso está organizado en 5 módulos:

<b>MÓDULO 0</b>	<b>"Presentación e contexto"</b>
<b>MÓDULO 1</b>	<b>"Que queremos facer?"</b>
<b>MÓDULO 2</b>	<b>"Como o facemos?"</b>
<b>MÓDULO 3</b>	<b>"Como o melloramos?"</b>
<b>MÓDULO 4</b>	<b>"Como o publicamos?"</b>

Debido á metodoloxía social do curso, onde a aprendizaxe se xera coa interacción entre tódolos participantes, é importante que o "ambiente de aprendizaxe" sexa común polo que os módulos iranse abrindo secuencialmente segundo o calendario programado. O feito de que cada participante estivera traballando en módulos diferentes convertería a relación entre titor-alumnos en directa e exclusiva, unicamente mediada polos contidos, e iso é do que pretendemos escapar nesta proposta.

## SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Ao longo do curso realizaremos unha combinación de diferentes tipos de actividades:

- Tarefas lectura: 3 (14 horas)
- Tarefas textuais: 3 (11 horas)
- Tarefas publicación: 4 (11 horas)
- Tarefas produto: 4 (12 horas)
- Tarefas de revisión: 1 (2 horas)

### Producións esperadas

Como mínimo, ao finalizar o curso obteremos tantos Recursos Educativos Abertos como participantes. Cada un de estes REA estaría modificado por mínimo dous participantes do mesmo. **Serán polo tanto obras colectivas.**

O curso pretende sensibilizar sobre a importancia de traballar con licenzas libres para lograr recursos que poidan ser dende un punto de vista técnico reutilizables.

O curso partirá de múltiples contidos xa elaborados, ou outros orixinais, polo que será unha obra colectiva.

No caso das licenzas a utilizar apostamos directamente polo uso da Creative Commons BY-SA, polo que tanto as obras das que partamos como os produtos finais deberán ter este tipo de licenza.

Ademais incluírase de xeito transversal a necesidade de traballar con recursos accesibles. Para isto será importante cubrir os metadados de imaxes, ligazóns, recursos, ter en conta a simpleza nas tipografías etc.

## COMUNICACIÓN COAS PERSOAS TITORAS

O curso conta con varios foros:

[Foro de presentación](#)

O foro de presentación servirá para que cada participante se presente ao resto da comunidade do curso, comentando os datos que considere oportunos e as súas expectativas de formación.

## [Foro de novas](#)

Dispoñemos tamén dun foro de “novas” no que vos iremos informando de diferentes aspectos ou aclaracións sobre a marcha do curso.

## [Foro de módulo](#)

Ademais, en cada módulo, existirá tamén un foro para propoñer temas de discusión, debater, solicitar axudas e participar na aprendizaxe colaborativa.

Para comunicarse coa persoas titoras débese empregar principalmente os foros indicados, só nos casos xustificadas atenderase ao correo electrónico [pablonimo@edu.xunta.es](mailto:pablonimo@edu.xunta.es) e [yolanda.cobas@edu.xunta.es](mailto:yolanda.cobas@edu.xunta.es) ou á mensaxería interna de Platega.

# TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO

O curso comezará o día 9 de febreiro e rematará o día 3 de Outubro de 2016. As tarefas asociadas a cada módulo deberán ser presentadas nos transcurso do desenvolvemento de cada un deles.

Os módulos teñen unha organización similar. Lectura, discusión e reelaboración dun produto.

A continuación preséntase unha táboa coas temporalización dos módulos e o tempo estimado para cada unha das tarefas propostas:

<b>MÓDULO</b>	<b>TIPO</b>	<b>TÍTULO</b>	<b>HORAS</b>	<b>Data inicio/fin</b>
<b>0</b>	<b>Presentación e contexto</b>		<b>1</b>	<b>3/10 ao 9/10</b>
<b>1</b>	<b>Que queremos facer?</b>		<b>15</b>	<b>10/10 a 23/10</b>
	Lectura	Lectura pedagóxica	2	
	Lectura	Lectura técnica	4	
	Tarefa textual	Elaboración dun artigo e participación no foro	4	

	Tarefa produto	Elaboración do guió do REA	5	
<b>2</b>	<b>Como o facemos?</b>		<b>12</b>	<b>24/10 a 13/11</b>
	Lectura e práctica	Probas eXe	8	
	Tarefa produto	Maquetar o REA	2	
	Tarefa publicación	Publicación interna do REA	2	
<b>3</b>	<b>Como o melloramos?</b>		<b>11</b>	<b>14/11 a 27/11</b>
	Escolla	Elección do recurso a mellorar	2	
	Tarefa textual	Informe previo de modificación	2	
	Tarefa produto	Modificación	2	
	Tarefa produto	Modificación da pantalla de autoría	3	
	Tarefa publicación	Publicación interna	2	
<b>4</b>	<b>Publicación externa e difusión</b>		<b>11</b>	<b>28/11 a 9/12</b>
	Tarefa publicación	Publicación do recurso no espazo Procomún	6	
	Tarefa textual	Creación dunha entrada de blog para a difusión nas redes	5	

Duración total do curso en número de horas de formación: 50 horas.



# AVALIACIÓN

Que avaliar (o proceso? o produto? as competencias? os obxectivos? ...): Avaliaremos principalmente a **participación**. Hai que ter en conta que existen cursos presenciais onde só se avalía o presentismo. En todo caso, dentro da participación, propóñense tarefas de análise do traballo realizado, e publicación do traballo realizado que deben ser publicables na rede, o que lle da un carácter maior a nivel de esixencia.

Cando avaliar (antes? durante? despois? do proceso de ensino / aprendizaxe): O proceso de avaliación é permanente, dende o comezo que é cando se analiza o punto de partida, pasando polo desenvolvemento do curso na realización de cada unha das actividades, e unha avaliación final onde se realiza a [presentación](#) final do traballo realizado.

Quen avalía (heteroavaliación? coavaliación? autoavaliación?): Principalmente os alumnos do curso a través de procesos de autoavaliación e coavaliación nos foros. O titor, dende a súa función de mediación, participará como experto cultura nos obxectivos que se pretenden alcanzar.

Como avaliar (que ferramentas usarás para recoller datos, información...): A ferramenta máis válida para avaliación do traballo en rede son os foros. Logo, sempre dependendo do tempo dispoñible, podemos diseñar pequenos cuestionarios de autoavaliación que lle permitan aos alumnos identificar o punto no que se atopan, ou analizar o estado xeral do grupo.

**En todo caso, de cara a determinar a superación do curso, engádesse unha táboa coa porcentaxe de cualificación para cada tarefa:**

<b>Número de tarefa</b>	<b>Título da tarefa</b>	<b>Ponderación</b>
1.1	Elaboración dun artigo e participación no foro	10%
1.2	Elaboración do guión do REA	10%
2.1	Maquetación do REA	10%
2.2	Publicación interna do REA	10%
3.1	Informe de modificación do REA	10%
3.2	Modificación do REA	10%
3.3	Modificación da pantalla de Autoría	10%
3.4	Publicación interna do REA derivado	10%
4.4	Publicación do REA no espazo Procomún	10%
4.5	Creación dun artigo de blog	10%

**Para superar o curso deben obtense polo menos o 80% da puntuación total.**

# APLICACIÓN PRÁCTICA NAS AULAS

O obxectivo principal de todo este proceso de formación é o de mellorar as competencias dixitais do profesorado e facilitar a mellora da calidade do ensino fomentando a aplicación práctica desta formación adquirida.

Suxerimos que paralelamente ao curso experimentedes levando as tarefas que se propoñen a situacións reais de aula, valorando as vantaxes que aportan ao ensino e creando pouco a pouco a vosa propia estrutura Tic ou participando da dinamización Tic do voso centro.

## REQUERIMENTOS PARA SEGUIR O CURSO

Tecnoloxicamente o curso móvese nunha concepción tecnolóxica copyleft, o que implica a necesidade de utilizar ferramentas de software libre. Preténdese sensibilizar sobre o uso de estas ferramentas xa que representan unha durabilidade maior das destrezas técnicas adquiridas con respecto ao software privativo.

Haberá espazo para tratar o tema dos principio tecnolóxicos de accesibilidade, adaptabilidade, durabilidade e interoperabilidade recollidos na norma SCORM.

O software que se require para a realización do curso é:

- Navegador web de software libre: Mozilla Firefox
- Ferramenta de autor de software libre: eXeLearning
- Dependendo do traballo de cada un editores de obxectos básicos: por exemplo Gimp, Audacity...
- O curso debe realizarse con un PC, e aínda que é posible realizar moitas das actividades en tableta dixital, estas non admiten de momento a instalación de eXeLearning.
- Dispoñer de acceso a webs dinámicas, páxina web do voso centro (estar dado de alta para acceder a drupal, moodle...)